


PI50109 | Adecuación das programación e avaliacións ao marco curricular.

IES Luís Seoane. Pontevedra



ANÁLISE DA SITUACIÓN	1	2	3	4
PUNTO DE PARTIDA: Coñecemos en profundidade o marco legislativo actual (LOMCE)?				
a. TERMINOLOXÍA Coñecemos o significado de: estándares de aprendizaxe, indicadores de logro, perfil competencial, perfil de área, rúbricas, transposición didáctica, concrección curricular,...				
b. COMPETENCIAS CLAVE Coñecemos e sabemos que se valora en cada unha das competencias clave?				
c. PROGRAMACIÓNS Entendemos todos os apartados das instrucións que se deben seguir para a realización das programacións?				
d. INFORMÁTICA Coñecemos algunha aplicación que nos axude a realizar a programación?				
e. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN Aplicamos e realizamos nas aulas a metodoloxía e as tarefas axeitadas para levar a cabo este tipo de avaliación?				



BLOQUES	DESCRIPCIÓN
MARCO LEXISLATIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo y del Consejo, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente • Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE texto consolidado) • Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) • Real Decreto 1105/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. • Orde ECD 65/2015 pola que se establecen as relacións entre os elementos do currículo e as competencias. • Desenvolvemento da Disposición adicional 35ª da LOMCE. • Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da secundaria obrigatoria e bacharelato.
CURRÍCULO NO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Perfís de área e perfís competenciais. • Programacións didácticas. Resolución 27/07/2015
CURRÍCULO NA AULA	<ul style="list-style-type: none"> • Programación de aula. Actividades Integradas: exercicio, actividades, tarefas, UDI.

MARCO LEXISLATIVO

Lei Xeral de Educación (LXE, 1970)

- Incorpóranse os **obxectivos** aos deseños curriculares modificando os plans de estudo anteriores (só baseados en contidos).
- Incorporase á práctica educativa a necesidade de elaborar **programacións de aula** que permitan concretar eses obxectivos.

Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990)

- Os **proxectos de centro** son a decisión intermedia entre o deseño curricular e a programación outorgando unha gran importancia á acción colexiada.
- Substitúense “leccións” por “**unidades didácticas**”, núcleo esencial da programación de aula diferenciando tipos de contido (feitos, conceptos, procedementos, valores e normas).
- Establécense os **criterios de avaliación** para cada nivel, etapa e ciclo.

Lei Orgánica de Educación (LOE 2006)

- Incorporación das **competencias básicas** á ensinanza obrigatoria.

Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE 2013)

- Incorporación das **competencias clave** (tamén en Bacharelato).
- Concrecións curriculares que inclúen **estándares de aprendizaxe avaliábeis**.

a. GLOSARIO DE TERMOS

- ▶ **Currículo:** Regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. Está integrado por: os obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis, e a metodoloxía didáctica. (art. 6 LOE-LOMCE)
- ▶ **Obxectivos:** Referentes relativos aos logros que o alumnado debe acadar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. (Decreto 105/2014)
- ▶ **Competencias:** Capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades a resolución eficaz de problemas complexos.
- ▶ **Competencias clave:** Son aquelas competencias que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social o emprego. A LOMCE contempla as seguintes competencias clave:
 - ▶ Comunicación lingüística.
 - ▶ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
 - ▶ Competencia dixital.
 - ▶ Aprender a aprender.
 - ▶ Competencias sociais e cívicas.
 - ▶ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
 - ▶ Conciencia e expresións culturais.

a. GLOSARIO DE TERMOS

- ▶ **Contidos:** Conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.
- ▶ **Criterios de avaliación:** Son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina. Deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe facer en cada área ou materia. Desglósanse en estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- ▶ **Metodoloxía didáctica:** Conxunto de estratexias, procedementos e accións organizada e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes. (art. 6 LOE-LOMCE) Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes e teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.

Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real (art.15-2 Decreto 105/2014)

A metodoloxía didáctica nesta etapa será especialmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxetivos e das competencias correspondentes (art 11-2 Decreto 86/2015)



a. GLOSARIO DE TERMOS

- ▶ **Estándares de aprendizaxe avaliábeis:** Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina; deben ser de maior concreción (art.5.5 Orde ECD/65/2015) observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento ou logro acadado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables. O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis dunha área ou materia determinada dará lugar ao seu perfil de área ou materia.

Ao poñerse en relación coas competencias clave, permiten graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas (art. 5.5 Orde ECD/65/2015)

- ▶ **Grao mínimo exigible dos estándares de aprendizaxe:** Partindo de que o alumnado debe lograr a consecución, en maior ou menor medida, de todos os estándares de aprendizaxe dunha disciplina, considérase que para obter unha cualificación positiva o alumnado debe acadar alomenos un certo grao de realización, que será grao mínimo exigible de consecución de cada un dos estándares de aprendizaxe.

- ▶ **Procedementos de avaliación:** Describen os mecanismos que se van seguir para realizar a avaliación do alumnado, tales como, entre outros, a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase (art. 7.6 Orde ECD/65/2015). O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe.

Cómpre incorporar nas programacións didácticas procedementos que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. (art. 7. 6 Orde ECD/ 65/2015).



a. GLOSARIO DE TERMOS

- ▶ **Instrumentos de avaliación:** medios ou recursos para a obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.

Existe unha estreita relación entre os procedementos e os instrumentos de avaliación, no sentido que estes últimos son os documentos ou rexistros a través dos que se concretan os procedementos de avaliación. Así:

- Para a observación sistemática pódense utilizar instrumentos de avaliación, tales como: escalas de observación, listas de control, rexistros anecdóticos, diarios de clase, ...
- Para a valoración das probas orais e escritas pódense empregar: preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, exposición oral dun tema, resolución de exercicios ou problemas,...
- Para a avaliación dos traballos de clase pódense utilizar; caderno de clase, debates, presentacións, traballos do alumnado, gravacións en vídeo ou audio, ...

Para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes. (art. 7.1 Orde ECD/65/2015),

- ▶ **Criterios de cualificación:** Importancia e ponderación que cada instrumento de avaliación ten á hora de obter a cualificación final. Permiten cuantificar a cualificación dun alumno ou alumna a partires das cualificacións obtidas ao asignarlle unha ponderación aos diferentes instrumentos de avaliación empregados.



a. GLOSARIO DE TERMOS

- ▶ **Indicadores de logro:** Son unha gradación do nivel de adquisición de aquilo que detalla unha característica determinada.
- ▶ **Perfil de área:** Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliados dunha área ou materia determinada. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliados se poñen en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia. (art. 5.6 Orde ECD/65/2015)
- ▶ **Perfil competencial ou de competencia:** O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliados das diferentes áreas ou materias que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia. (art. 5.6 Orde ECD/65/2015)
- ▶ **Elementos transversais:** O currículo contempla os elementos transversais desde a perspectiva das competencias e dos valores. Así, considéranse elementos transversais ás diferentes áreas do currículo: expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, TIC, emprendemento, educación cívica e constitucional, desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, prevención e resolución pacífica de conflitos, liberdade, xustiza, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, a seguridade viaria, etc. (art. 11 Decreto 105/2014)
- ▶ **Tarefa:** É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación-problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes disponibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.



ANÁLISE DA SITUACIÓN	1	2	3	4
PUNTO DE PARTIDA: Coñecemos en profundidade o marco legislativo actual (LOMCE)?				
a. TERMINOLOXÍA Coñecemos o significado de: estándares de aprendizaxe, indicadores de logro, perfil competencial, perfil de área, rúbricas, transposición didáctica, concreción curricular,...				
b. COMPETENCIAS CLAVE Coñecemos e sabemos que se valora en cada unha das competencias clave?				
c. PROGRAMACIÓNS Entendemos todos os apartados das instrucións que se deben seguir para a realización das programacións?				
d. INFORMÁTICA Coñecemos algunha aplicación que nos axude a realizar a programación?				
e. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN Aplicamos e realizamos nas aulas a metodoloxía e as tarefas axeitadas para levar a cabo este tipo de avaliación?				



COMPETENCIAS CLAVE



JAVIER VALLE (2014): DESEMPEÑO
RESOLUCIÓN DUNHA TAREFA CON EFICACIA

b. COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística

Matemática

Social e cidadá

Coñec. mundo físico

TIC

Aprender a aprender

Autonomía inic. persoal

Artística e cultural

COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación
Lingüística

Competencia matemática e competencias
básicas en ciencia e tecnoloxía


Competencia dixital

Aprender a aprender

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Conciencia e expresións culturais



[RECOMENDACIÓN 2006/962/EC DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO SOBRE AS COMPETENCIAS CLAVE PARA A APRENDIZAXE PERMANENTE](#)

ORDE ECD/65/2015, DO 21 DE XANEIRO, POLA QUE SE DESCRIBE O PROCEDEMENTO PARA ESTABLECER AS RELACIÓNS ENTRE AS COMPETENCIAS, OS CONTIDOS E OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA EP, A ESO E O BAC

KEY COMPETENCES

Communication in the mother tongue

Communication in foreign languages

Mathematical competence and basic competences in science and technology

Digital competence

Learning to learn

Social and civic competences

Sense of initiative and entrepreneurship

Cultural awareness and expression



COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación
Lingüística

Competencia matemática e competencias
básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia dixital

Aprender a aprender

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Conciencia e expresións culturais



Competencia en comunicación lingüística

Utilizar unha ou varias linguas en distintos ámbitos, de xeito individual ou colectivo.

Expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións tanto de forma oral como escrita (escoitar, falar ler e escribir), e **interactuar lingüisticamente**, dun xeito adecuado e creativo, en todos os posibles **contextos sociais e culturais**: educativo, formativo, persoal, profesional e de ocio.

CMCCT

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Desenvolver e aplicar o razoamento matemático co fin de **resolver distintos problemas** da vida cotiá. **Dominar o cálculo** no contexto do proceso e da actividade. **Utilizar os modos matemáticos de pensamento** (lóxico e espacial) e de **representación** (fórmulas, modelos, construcións, gráficos e diagramas) e as súas ferramentas para **describir, interpretar e predicir distintos fenómenos** no seu contexto.

Aplicar os coñecementos e metodoloxías da ciencia e as destrezas da tecnoloxía para explicar o mundo físico e a interacción co mesmo, así como para **responder adecuadamente** ás necesidades humanas. **Comprender os cambios** causados pola actividade humana e a responsabilidade colectiva e individual nos mesmos. **Interaccionar responsablemente co mundo físico, conservando e mellorando** o medio natural para o mantemento da calidade de vida.



Competencia dixital

Usar con seguridade e de forma crítica e creativa as tecnoloxías da sociedade da información e da comunicación (TIC) para o traballo, o ocio a inclusión e a comunicación. **Utilizar as TIC** para **obter, avaliar, almacenar, producir, presentar, intercambiar información, e comunicarse e participar** en redes de colaboración a través de internet.



Aprender a aprender

Organizar o proceso da propia aprendizaxe individualmente ou en grupo culminándoo con éxito. **Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades.** **Buscar orientacións** e facer uso delas. **Apoiarse en experiencias vitais** e aprendizaxes anteriores co fin de **utilizar e aplicar os novos coñecementos** e capacidades en diversos **contextos**. Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.



Competencias sociais e cívicas


Interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados para elaborar **respostas, tomar decisións e resolver conflitos**. **Interactuar** con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no **respecto mutuo e as conviccións democráticas**. **Participar dun xeito eficaz e construtivo** na **vida social e profesional**. Participar plenamente na vida cívica de **forma activa e democrática**.



CSIEE

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Transformar as ideas en actos. Crear, innovar e asumir riscos. Planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos na súa vida cotiá e tamén no traballo. **Promover o bo goberno e fundamentar en valores éticos** as distintas actividades desenvolvidas, sexan sociais ou comerciais.





Conciencia e expresións culturais

Coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, con actitude aberta e respectuosa, as diferentes **manifestacións culturais e artísticas** e **utilizalas** como fonte de enriquecemento e **desfrute persoal** e consideralas como parte da **riqueza e patrimonio dos pobos**.

ANÁLISE DA SITUACIÓN	1	2	3	4
PUNTO DE PARTIDA: Coñecemos en profundidade o marco legislativo actual (LOMCE)?				
a. TERMINOLOXÍA Coñecemos o significado de: estándares de aprendizaxe, indicadores de logro, perfil competencial, perfil de área, rúbricas, transposición didáctica, concrección curricular,...				
b. COMPETENCIAS CLAVE Coñecemos e sabemos que se valora en cada unha das competencias clave?				
c. PROGRAMACIÓNS Entendemos todos os apartados das instrucións que se deben seguir para a realización das programacións?				
d. INFORMÁTICA Coñecemos algunha aplicación que nos axude a realizar a programación?				
e. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN Aplicamos e realizamos nas aulas a metodoloxía e as tarefas axeitadas para levar a cabo este tipo de avaliación?				



RESOLUCIÓN DO 27 DE XULLO DE 2015 (DOG 29/07/2015)

a	Introdución e contextualización
b	Contribución ás competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.
c	Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso
d	Concreción, para cada estándar de: 1º. Temporalización 2º. Grao mínimo de consecución 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación
e	Concrecións metodolóxicas
f	Materiais e recursos didácticos
g	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

RESOLUCIÓN DO 27 DE XULLO DE 2015 (DOG 29/07/2015)

h	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
i	Organización actividades, seguimento, avaliación e recuperación de pendentos
j	Procedemento de acreditación de coñecementos previos
l	Medidas de atención á diversidade
m	Concreción de elementos transversais
n	Actividades complementarias e extraescolares
f	Revisión, avaliación e modificación da programación

ELEMENTOS DO CURRÍCULO

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
1º de Educación Secundaria Obligatoria				
b e f	BI.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	BI.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MABI.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT
			MABI.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA
2ª Bacharelato				
b e l	BI.4. Investigación científica: documentación, elaboración de informes, comunicación e difusión de resultados.	BI.4. Diseñar, elaborar, comunicar e defender informes de carácter científico, realizando unha investigación baseada na práctica experimental.	QUBI.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.	CAA CD CMCCT
			QUBI.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CAA CCL CMCCT

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE CIENCIAS DA NATUREZA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN / PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
					(*)%	(**)%
CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	X	X		Procedemento: Traballo do alumnado consistente nun informe de pequena investigación. Utilizaranse como temas os recollido noutros estándares da materia. Instrumento: a) Comunicación por escrito do resultado da busca de información referida aos estándares: Traballo 1 : CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. Traballo 2 : CNB2.3.2. Diferenza entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola. b) Escala ou rúbrica	Traballo 1: 40 Traballo 2: 60	3,5
CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.		X		Procedemento: Observación sistemática dun traballo en equipo do alumnado no que utiliza estruturas cooperativas. O tema de traballo o recollido noutro estándar da materia Instrumento: a) Observación dunha pequena investigación relacionada co estándar: CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga. b) Escala acorde cun Plan de equipo elaborado previamente.		7,0
CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	X			Procedemento: Proba escrita. Instrumento: a) Proba na que se pide asociar mediante debuxos e textos os distintos órganos e as descrições do seu funcionamento. b) Valoración dos distintos apartados da proba.		3,5
CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.		X		Procedemento: Traballo do alumnado consistente na identificación de distintas plantas utilizando guías de clasificación. Instrumento: a) Rexistro escrito no que o alumnado identifica diferentes plantas postas a súa disposición coa axuda dunha guías de clasificación. b) Escala de valoración.		2,5
CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...			X	Procedemento: Traballo do alumnado consistente na construción dun aparello sinxelo. Instrumento: a) Pluviómetros de distinta capacidade construídos polo alumnado. b) Escala de observación.		3,5

(*) Ponderación que cada instrumento de avaliación, cando hai máis de un, ten á hora de obter a cualificación final. (**) Ponderación do estándar na cualificación final.

ANÁLISE DA SITUACIÓN	1	2	3	4
PUNTO DE PARTIDA: Coñecemos en profundidade o marco legislativo actual (LOMCE)?				
a. TERMINOLOXÍA Coñecemos o significado de: estándares de aprendizaxe, indicadores de logro, perfil competencial, perfil de área, rúbricas, transposición didáctica, concreción curricular,...				
b. COMPETENCIAS CLAVE Coñecemos e sabemos que se valora en cada unha das competencias clave?				
c. PROGRAMACIÓNS Entendemos todos os apartados das instrucións que se deben seguir para a realización das programacións?				
d. INFORMÁTICA Coñecemos algunha aplicación que nos axude a realizar a programación?				
e. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN Aplicamos e realizamos nas aulas a metodoloxía e as tarefas axeitadas para levar a cabo este tipo de avaliación?				



BLOQUE 4: INFORMÁTICA



inicio acceso usuarios GAL | CAST

PROFESORADO RECURSOS ONLINE Axendas, calendarios, anecdotarios, letras móbiles...	ALUMNADO RECURSOS ONLINE Xogos online e aplicacións adaptadas para o alumnado.	CON REXISTRO SERVICIOS ONLINE Acceso directo ós servizos que precisan rexistro	REXÍSTRATE PARA USALOS NA AULA Para empregar algúns servizos rexístrate aquí.	AXUDA PRECISAS AXUDA? Respostas ás preguntas máis habituais	oscarabilleira.com BLOG EDUCATIVO DO AUTOR Podes visitar o meu blog educativo neste enderezo.
--	---	---	--	--	--

www.recursoseducativos.net



Benvido/a a recursoseducativos.net

No menú superior atoparás diferentes aplicacións online para empregar na túa aula, destinadas tanto para o profesorado como para o alumnado.

RESOLUCIÓN DO 27 DE XULLO DE 2015 (DOG 29/07/2015)

a	Introdución e contextualización
b	Contribución ás competencias clave. Concreción de estándares da materia que forman parte dos perfís competenciais.
c	Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso
d	Concreción, para cada estándar de: 1º. Temporalización 2º. Grao mínimo de consecución 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación
e	Concrecións metodolóxicas
f	Materiais e recursos didácticos
g	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

4º

CREAR NOVO CARTAFOL

ESCOLLE UN DOS TEUS CARTAFOL



3º



COMPÁRTELA



NON A COMPARTES



ERES CONVIDADO/A

SITUACIÓN DOS ESTÁNDARES TRABALLADOS NO CARTAFOL:

3º

1º ESO.

2º ESO.

3º ESO.

4º ESO.

código	estándar	traballado nas UDis do curso
3º-TEB1.1.1.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	
3º-TEB1.2.1.	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	
3º-TEB1.2.2.	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	
3º-TEB1.2.3.	Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	
3º-TEB2.1.1.	Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de	

todos

BX

CC

EF

EPVA

FQ

LCL

LG

MAC

MAP

MU

PLE

REC

SLE

NON TRABALLADOS

TE

VE

XH

XERAR

PROGRAMACIÓN

PERFIL DE ÁREA

PERFIL COMPETENCIAL

A.C.S

CUALIFICAR

TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES PARA A PROGRAMACIÓN NO CARTAFOL:

3º

1º ESO. 2º ESO. 3º ESO. 4º ESO.

código	estándar	T1	T2	T3	Grao mínimo para superar a área	Avallación (%)*	Avallado nas UDIs
3º-TEB1.1.1. AGRUPAR POR INSTRUMENTO AGRUPAR POR TIPO	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		Procedementos de avallación: + <hr/> Instrumentos de avallación: +	GARDAR DATOS
3º-TEB1.2.1. AGRUPAR POR INSTRUMENTO AGRUPAR POR TIPO	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		Procedementos de avallación: + <hr/> Instrumentos de avallación: +	GARDAR DATOS
3º-TEB1.2.2. AGRUPAR POR INSTRUMENTO AGRUPAR POR TIPO	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		Procedementos de avallación: + <hr/> Instrumentos de avallación: +	GARDAR DATOS

todos BX CC EF EPVA FQ LCL LG MAC MAP MU PLE REC SLE TE VE XH

COPIAR DOUTRO CARTAFOL

* Se se indica máis dun instrumento de avallación, escribir entre paréntese a porcentaxe de peso de cada un de cara a obter a cualificación final.
O grao mínimo e a porcentaxe de peso serán os establecidos nos perfis de área elaborados polo centro

XERAR

PROGRAMACIÓN

PERFIL DE ÁREA

PERFIL COMPETENCIAL

A.C.S

CUALIFICAR

PERFIL DE ÁREA NO CARTAFOL: 4º


1º ESO. 2º ESO. 3º ESO. 4º ESO.

código	estándard	Grao mínimo para superar a área	Peso %	
3º-TEB1.1.1.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.		5 %	GARDAR ESTA PORCENTAXE
3º-TEB1.2.1.	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.		5 %	GARDAR ESTA PORCENTAXE
3º-TEB1.2.2.	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.		5 %	GARDAR ESTA PORCENTAXE

todos BX CC EF EPVA FQ LCL LG MAC MAP MU PLE REC SLE **TE** VE XH

COPIAR DOUTRO CARTAFOL

EA	1ª AV	2ª AV	3ª AV	GRO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN / PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
						(*)%	(**)%



ANÁLISE DA SITUACIÓN	1	2	3	4
PUNTO DE PARTIDA: Coñecemos en profundidade o marco legislativo actual (LOMCE)?				
a. TERMINOLOXÍA Coñecemos o significado de: estándares de aprendizaxe, indicadores de logro, perfil competencial, perfil de área, rúbricas, transposición didáctica, concreción curricular,...				
b. COMPETENCIAS CLAVE Coñecemos e sabemos que se valora en cada unha das competencias clave?				
c. PROGRAMACIÓNS Entendemos todos os apartados das instrucións que se deben seguir para a realización das programacións?				
d INFORMÁTICA Coñecemos algunha aplicación que nos axude a realizar a programación?				
e. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN Aplicamos e realizamos nas aulas a metodoloxía e as tarefas axeitadas para levar a cabo este tipo de avaliación?				

